

4.4. prestacións sanitarias e sociais

A análise das prestacións sanitarias e sociais está dividida en cinco grandes apartados: indicadores de saúde; o Servicio Galego de Saúde (Sergas); transplantes e doazóns; prestacións farmacéuticas; e, finalmente, prestacións sociais.

Respecto ó primeiro punto, indicadores de saúde, son catro os aspectos considerados neste capítulo: a morbilidade, a mortalidade, a sinistralidade e os datos relativos ás discapacidades, deficiencias e estado da saúde. No apartado dedicado ó Sergas, analizados os aspectos orzamentarios en apartados anteriores deste capítulo, coméntanse variables como o número de camas, actividade cirúrxica ou a lista de espera cirúrxica. En terceiro lugar preséntanse os datos referidos ós transplantes e ás doazóns ó longo do último ano. O estudo céntrase posteriormente nas prestacións farmacéuticas, analizando o custo tanto no caso da atención primaria como no caso da atención especializada. Finalmente, no que ás

prestacións sociais se refire, preséntanse aspectos relacionados coa atención á infancia, atención a menores en situación de desprotección, acollementos ou adopcións.

Relacionado coa prestación social, no ano 2000 aprobáronse, por unha banda, o Decreto 176/2000, do 22 de xuño, polo que se regula o Programa de atención ás persoas maiores a través do cheque asistencial, que foi obxecto de dictame polo CES (Dictame 3/99, aprobado polo pleno do CES o 10 de decembro de 1999).

Pola outra, o Decreto 253/2000, do 5 de outubro, crea o Consello Galego das Persoas Maiores. Este Consello constitúese como órgano consultivo de participación deste colectivo, adscrito á Consellería de Sanidade e Servicios Sociais. Ten como finalidades, entre outras, a de constituír un foro de encontro e debate no que se reflectan as inxerencias da poboación maior de Galicia, promove-las relacións interxeracionais así como colaborar con poderes públicos en

CADRO 4.4.1.

Producción de bens públicos de carácter social 1999-00

	1999	2000	00/99
	(en millóns de pesetas)		%
Sanidade	312.146	332.058	6,4
Educación	226.989	240.403	5,9
Vivenda e urbanismo	22.690	23.870	5,2
Benestar comunitario	16.278	15.339	-5,8
Cultura	21.877	23.272	6,4
Outros servizos sociais e comunitarios	13.439	14.000	4,2
Total	613.419	648.942	5,8

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 4.4.2.

Proxecto de investimentos do Programa de Protección e Promoción da Saúde 1999-00

	1999	2000	00/99
	(en miles de pesetas)		%
Loita contra as drogodependencias	459.193	449.193	-2,18
Coordinación e formación da saúde pública	55.150	31.991	-41,99
Coordinación de saúde pública	-	500	-
Progr. de actuacións preventivas e prevención da xordeira	-	64.561	-
Actuación sobre factores psicosociais e hábitos de vida	94.375	-	-
Prevención de enfermidades transmisibles	116.449	116.449	0,0
Detección precoz do cancro de mama	244.861	244.861	0,00
Prevención individualizada	18.300	17.470	-4,54
Programa galego de vacinacións	710.000	710.000	0,00
Sistemas de información de saúde pública	95.184	95.184	0,00
Inspección e laboratorio saúde pública	182.206	182.206	0,00
Programas sanitarios	206.041	180.000	-12,64
Control de riscos específicos	94.960	85.555	-9,90
Control de riscos xerais	151.018	151.018	0,00
Equipamento informático saúde pública	-	40.205	-
Total	2.427.737	2.369.193	-2,41

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

materias dos servizos sociais relacionados cos maiores.

O punto de partida do capítulo é a cuantificación da sanidade dentro dos presupostos da Xunta correspondentes á produción de bens públicos de carácter social para os anos 1999 e 2000. Tal e como reflicte o **cadro 4.4.1.**, o presuposto ascendeu a 648.942 millóns de pesetas, un 5,8% máis que no ano anterior. A sanidade acolleu 332.058 millóns de pesetas, un 6,4% máis que no ano precedente, o que representa o 51,2% dos bens públicos de carácter social.

Indicadores de saúde

A análise da situación da saúde en Galicia, a partir dos datos facilitados pola Dirección Xeral de Saúde Pública, o INE, Eurostat, a Dirección Xeral de Tráfico, o Sergas e a *Encuesta sobre deficiencias, discapacidades y estado*

de salud 1999, basearase no estudio dos principais indicadores da mesma, como son a morbilidad, a mortalidade, a sinistralidade e as cifras relativas ás discapacidades, deficiencias e estado da saúde.

A Xunta de Galicia aplica unha serie de medidas ou programas destinados á protección e promoción da saúde, tal e como se recolle no **cadro 4.4.2.** No ano 2000 dedicáronse un total de 2.369,2 millóns de pesetas, un 2,4% menos que o dedicado o ano anterior, sendo as dúas primeiras partidas as de vacinacións e a da loita contra as drogodependencias, con 710 e 449,2 millóns de pesetas, respectivamente.

• Morbilidad

Ó longo do ano 2000 (ata o 4 de novembro do mesmo ano) declaráronse un total de 170.853 casos de gripe en Galicia, **cadro 4.4.3.**, o que

Enfermidades de declaración obrigatoria 1999-00

	1999			2000 (1)		
	número de casos	taxa/100.000 hab.	IEAC (2)	número de casos	taxa/100.000 hab.	IEAC (2)
Gripe	273.729	10.070,1	1,54	170.853	6.285,4	1,09
Tuberculose respiratoria	1.250	46,0	0,89	970	35,7	0,80
Meninxite tuberculosa	18	0,7	-	12	0,4	0,71
Meninxites víricas	185	6,8	-	385	14,2	4,43
Enf. meningocócica	100	3,7	0,83	123	4,5	1,21
Enf. invasiva por Hib.	8	0,3	-	3	0,1	1,00
Varicela	10.999	404,6	0,90	11.702	430,5	1,20
Sarampelo	8	0,3	0,07	4	0,1	0,12
Rubéola	23	0,8	0,43	52	1,9	1,00
Parotidite	162	6,0	0,53	96	3,5	0,65
Tose ferina	29	1,1	2,42	26	1,0	2,17
Toxinfeccións aliment.	984	36,2	0,75	1.095	40,3	0,87
F. tifoidea e paratifoidea	35	1,3	0,56	27	1,0	0,54
Hepatite A	59	2,2	0,87	29	1,1	0,50
Hepatite B	93	3,4	0,98	60	2,2	0,74
Outras hepat. víricas	349	12,8	3,12	293	10,8	1,12
Brucelose	14	0,5	0,47	5	0,2	0,21
Sífilis	54	2,0	1,66	41	1,5	0,91
Infecç. Gonocócica	518	19,1	0,67	255	9,4	0,42
Disenteria bacilar	-	-	-	-	-	-
Tétano	-	-	-	-	-	-
Sífilis conxénita	-	-	-	-	-	-
F. exantemática med.	-	-	-	-	-	-
Paludismo	-	-	-	-	-	-
Lepra	-	-	-	-	-	-

(1) datos ata o 4-11-2000

(2) índice epidémico acumulado

Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública, Boletín Epidemiolóxico de Galicia

supón unha taxa de 6.285,4 casos por cada 100.000 habitantes, inferior á do ano 1999, cando houbo en Galicia un total de 273.729 casos, que representan unha taxa por cada 100.000 habitantes de 10.070,1 casos.

A varicela é a segunda enfermidade máis importante en canto ó número de casos, con 11.702 casos, presentando unha incidencia de 430,5 casos por cada cen mil habitantes, superior á do ano 1999, cando se declararon 10.999 casos, 404,6 casos por cada cen mil habitantes.

Dos datos do devandito **cadro 4.3.3.** salienta o aumento dos casos das toxinfeccións alimentarias, que acadan nos 11 primeiros meses do ano 2000 os 1.095 casos, fronte ós 984 casos en todo o ano 1999, ou o crecemento dos casos de meninxite vírica e enfermidades meningocócicas, que acadan no período considerado os 385 e 123 casos, respectivamente, fronte ós 185 e 100 do ano 1999.

No que á sida se refire, no ano 2000 declaráronse un total de 88 casos, o que representa

unha diminución do 16% respecto dos casos rexistrados no ano 1999, o que fai que continúe a tendencia descendente iniciada no ano 1997. Un 78% do total dos casos rexistrados corresponden a varóns, e un 80% dos adultos novos tiñan entre 25 e 44 anos.

A vía de transmisión máis frecuente no ano 2000 segue a se-la de compartir material de inxección para a administración parenteral de drogas (51%), o que se confirma tanto en homes como en mulleres (54% e 44%, respectivamente), aínda que a súa importancia relativa descende ano tras ano.

O **cadro 4.4.4.** recolle unha agrupación das altas en función da súa complexidade (GRD), que constitúe o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de hospitalización de agudos. Os partos sen complicacións e os trastornos respiratorios excepto infeccións, bronquite, asma con cc. maior seguen sendo os que presentan o maior número de episodios, con 9.773 e 7.573 episodios no ano 2000, respectivamente. Comparado co ano anterior, destaca o

CADRO 4.4.4.

GRD (1) máis frecuentes nos hospitais do Sergas 199-00

	1999		2000	
	Altas válidas	Estadía media	Altas válidas	Estadía media
Parto sen complicacións	9.513	3,45	9.773	3,41
Trastornos respiratorios excepto infeccións, bronquite, asma con cc. maior	7.039	12,01	7.573	12,02
Insuficiencia cardíaca e choque	4.225	9,17	4.236	9,06
Trastornos cerebrovasculares específicos excepto AIT	3.596	13,79	3.679	13,09
Reimplant. maior art. e membro extr. inferior sen infección	3.205	14,82	3.447	14,45
Pr. útero e anexos por ca. in situ e proceso non maligno sen cc.	3.109	8,13	3.238	7,57
Enfermidade pulmonar obstructiva crónica	3.338	9,20	3.098	9,32
Quimioterapia	3.018	3,43	2.815	3,45
Parto con complicacións	2.634	4,35	2.794	4,25
Esofaxite, gastroenterite e tr. dixest. miscel. idade < 18 sen cc.	2.479	3,34	2.697	3,49
Cesárea sen complicacións	2.618	9,05	2.678	9,01
Esofaxite, gastroenterite e tr. dixest. miscel. idade > 17 sen cc.	2.424	6,58	2.619	6,83
Procedementos sobre cristalino con ou sen vitrectomía	2.953	2,22	2.468	2,09
Procedementos hernia inguinal e femoral idade > 17 sen cc.	2.450	3,83	2.441	3,67
Apendicectomía sen diagnóstico principal complicado sen cc.	2.275	4,53	2.402	4,49
Anxina de peito	2.227	7,43	2.391	7,35
Aborto con dilatación e legrado, aspiración ou histerotomía	2.181	2,53	2.148	2,61
Outros diagnósticos anteparto con complicacións médicas			2.139	4,23
Dilatación e legrado, conización exc. por neoplasia maligna	2.140	2,45	2.061	2,57
Psicose	2.072	23,27	2.027	21,76

(1) metodoloxía que inclúe a agrupación das altas en función da súa complexidade (GRD) e que constitúe o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de hospitalización de agudos

Fonte: Sergas

CADRO 4.4.5.

Mortalidade proporcional 1995-97

	1995	1996	1997
	%		
Circulatorio	41,06	40,65	40,58
Tumores	24,61	25,21	25,74
Respiratorio	10,91	10,90	11,05
Causa externa	5,19	5,11	5,19
Dixestivo	4,45	4,39	
Resto	13,78	13,75	17,44
Total	100	100	100

Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública

CADRO 4.4.6.

Taxa de anos potenciais de vida perdidos (1) 1996-97: distribución por sexos e causa

		1996			
Homes		Mulleres		Total	
Trastorno mecanismo inmunidade	5,9	Tumor maligno mama da muller	2,2	Trastorno mecanismo inmunidade	3,7
Colisión vehículo motor NSP	5,0	Trastorno mecanismo inmunidade	1,5	Colisión vehículo motor NSP	3,1
Infarto agudo miocardio	4,8	Colisión vehículo motor NSP	1,2	Infarto agudo miocardio	2,8
Tumor maligno de tráquea/pulmón	4,8	Enfermidade hepática crónica/cirrose	0,9	Tumor maligno de tráquea/pulmón	2,7
Perda control vehículo motor	3,4	Infarto agudo miocardio	0,8	Perda control vehículo motor	1,9
		1997			
Homes		Mulleres		Total	
Trastorno mecanismo inmunidade	3,6	Tumor maligno mama da muller	2,2	Trastorno mecanismo inmunidade	
Colisión vehículo motor NSP	5,3	Trastorno mecanismo inmunidade	0,9	Colisión vehículo motor NSP	
Infarto agudo miocardio	4,2	Colisión vehículo motor NSP	1,0	Infarto agudo miocardio	
Tumor maligno de tráquea/pulmón	4,4	Enfermidade hepática crónica/cirrose	0,9	Tumor maligno de tráquea/pulmón	
Perda control vehículo motor	4,0	Perda control vehículo motor	0,7	Perda control vehículo motor	

(1) as taxas son por 10⁵ hab.

Fonte: Servicio Galego de Saúde

Esperanza de vida ó nacer 1997

	Homes	Mulleres
	(en anos)	
A Coruña	78,4	82,1
Lugo	78,5	82,2
Ourense	78,9	82,7
Pontevedra	78,3	81,8
Total	78,5	82,1
España	74,9	81,9
UE-15	74,6	80,9

Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública e Eurostat

crecemento importante dos trastornos respiratorios, que aumenta un 7,6% respecto ó ano anterior (534 altas válidas máis).

• Mortalidade

A distribución porcentual da mortalidade por causas no ano 1997 está recollida no **cadro 4.4.5**. Ó igual que nos diferentes países desenvolvidos, a primeira causa de mortalidade son as enfermidades cardiovasculares (40,6%), seguido dos tumores (25,7%) e das enfermidades do aparato respiratorio (11,1%).

As taxas de mortalidade brutas e específicas por causas valoran tódalas mortes nas mesmas condicións, sen ter en conta a idade á que esta se produce. Esta consideración, especialmente relevante desde o punto de vista sanitario, pódese valorar axeitadamente a través dos anos potenciais de vida perdidos, como unha medida que informa tanto da importancia cuantitativa como cualitativa (idade de presentación) das mortes acontecidas (**cadro 4.4.6**).

A mortalidade por grupos de idade permite obter un dos mellores indicadores globais de saúde dunha poboación como é a esperanza de vida. Informa do número medio de anos que lle restarían por vivir a unha persoa si se mantivesen as actuais taxas de mortalidade por grupos de idade. Na comunidade autónoma galega este indicador é de 78,5 anos nos homes e de 82,1 nas mulleres, estando esta última por riba da

media española e da Europa dos quince, tal e como amosa o **cadro 4.4.7**.

• Sinistralidade

No concernente á sinistralidade, cómpre diferenciar entre aquela motivada por accidentes de tráfico e os accidentes laborais. No primeiro caso, o **cadro 4.4.8** amosa que no ano 2000 en Galicia, a diferenza do acontecido no conxunto do estado, prodúcese un descenso do número de accidentes mortais. En Galicia rexistráronse 384 accidentes no ano 2000 (10 menos que no ano anterior), representando o 8,8% do número total de accidentes mortais en España (4.372 accidentes). No caso das persoas falecidas, o seu número aumenta no ano 2000 un 9,1% respecto a 1999, chegando ós 502 falecidos (o 8,7% do total de persoas falecidas en España).

Por provincias, A Coruña é a que sufriu o maior número de accidentes mortais, con 150, seguida de Pontevedra, con 111 accidentes. Comparado co ano anterior, aumenta o número de sinistros nas provincias de Ourense e Pontevedra (11 e 1 accidentes mortais máis, respectivamente, que en 1999), descendendo nas provincias de A Coruña e Lugo en 9 e 13 accidentes, respectivamente.

No caso das persoas falecidas, A Coruña e Pontevedra seguen sendo as que presentan un maior número de falecementos, con 195 e 151 persoas, respectivamente. Comparado co ano

CADRO 4.4.8.

Accidentes mortais de tráfico 1999-00

	1999		2000	
	Accidentes mortais	Persoas mortas	Accidentes mortais	Persoas mortas
Galicia	394	460	384	502
A Coruña	159	173	150	195
Lugo	87	105	74	94
Ourense	38	48	49	62
Pontevedra	110	134	111	151
España	3.642	4.280	4.372	5.776
G/E (%)	10,8	10,7	8,8	8,7

Fonte: Dirección General de Tráfico

CADRO 4.4.9.

Personas con discapacidade, grandes grupos de idade. 1999

	Poboación de 6 a 64 anos		Poboación de 65 e máis anos	
	nº de persoas	Taxa por 1000 habitantes	nº de persoas	Taxa por 1000 habitantes
Andalucía	319.994	56,32	388.837	394,38
Aragón	31.499	36,57	64.548	268,24
Asturias	37.227	46,76	63.776	299,75
Baleares	27.265	45,87	29.684	259,55
Canarias	54.394	40,91	51.891	272,24
Cantabria	18.402	45,59	29.748	315,32
Castela e León	84.213	46,17	191.087	372,70
Castela-A Mancha	57.015	44,96	107.881	339,62
Cataluña	224.960	47,84	339.553	328,58
Comunidade Valenciana	124.921	40,29	187.954	300,53
Extremadura	35.102	43,26	67.189	357,30
Galicia	103.570	50,49	168.620	324,25
Madrid	149.996	37,63	197.804	263,22
Murcia	48.701	55,91	62.558	404,90
Navarra	14.251	35,06	26.124	287,75
País Vasco	62.908	39,08	80.693	239,24
A Rioxa	5.226	26,53	8.877	183,25
Ceuta e Melilla	6.347	58,72	5.831	360,99

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de Encuesta sobre deficiencias, discapacidades y estado de salud 1999

anterior, hai que salientar que crece o seu número en tódalas provincias agás en Lugo, onde pasa de 105 a 94 persoas falecidas en 1999.

En relación ós accidentes laborais, o **cadro C.2.12.** (*Accidentes e enfermidades profesionais 1999-00: distribución segundo a gravidade e sectores económicos*) reflicte que o número de accidentes laborais con baixa en Galicia aumentou no ano 2000 un 5,3% respecto ó ano precedente para situarse nos 43.590 accidentes (41.408 en 1999).

Por sectores, o 34% dos sinistros (14.828 accidentes) aconteceron no sector servicios; o 32% (13.945), na industria; un 26%, no sector da construción (11.346), e o 8% restante (3.471), no sector primario.

Do total dos accidentes laborais con baixa

rexistrados no ano 2000, un 2,2% (973 accidentes) foron graves ou mortais, porcentaxe lixeiramente inferior á do ano anterior cando fora do 2,5% (1.048 accidentes).

• Discapacidades, deficiencias e estado da saúde

O estudio dos indicadores da saúde en Galicia remata coa presentación dos datos recollidos na *Encuesta sobre deficiencias, discapacidades y estado de salud 1999*. Nesta sinálase que o número de persoas que padecen algunha discapacidade en Galicia ascende a 272.190 persoas (o 10,6% da poboación galega maior de seis anos), das que 168.620 pertencen ó subgrupo de poboación con máis de 65 anos (supón o 32,4% do da poboación galega pertencente a este subgrupo) e 103.570 (o 5%) corresponde á poboación entre 6 e 64 anos.

CADRO 4.4.10.

Personas que reciben axuda persoal por grandes grupos de idade e grupo de discapacidade. 1999

	Personas con discapacidade			Taxa por 1000 habitantes en Galicia		Personas que reciben axuda persoal		
	Galicia (nº de persoas)	España	G/E %	Galicia habitantes en Galicia	%	Galicia (nº de persoas)	España	G/E %
Poboación de 6 a 64 anos								
Ver	103.570	1.405.991	7,37	50,49		40.182	497.205	8,08
Ouvir	22.781	304.512	7,48	11,10		-	-	-
Comunicarse	19.827	295.868	6,70	9,66		-	-	-
Aprender, aplicar coñecementos e desenvolver tarefas	13.347	179.091	7,45	6,51		1.567	25.361	6,18
Desplazarse	21.065	238.984	8,81	10,27		6.582	79.886	8,24
Utilizar brazos e mans	27.553	414.649	6,64	13,43		11.812	150.171	7,87
Desplazarse fóra do fogar	38.926	447.983	8,69	18,97		11.411	143.652	7,94
Coidar de si mesmo	58.851	737.488	7,98	28,69		13.923	219.457	6,34
Realizalas tarefas do fogar	22.119	215.046	10,29	10,78		19.061	184.904	10,31
Relacionarse con outras persoas	41.127	475.691	8,65	20,05		30.645	330.226	9,28
	24.143	230.195	10,49	11,77		3.248	35.896	9,05
Poboación de 65 e máis anos								
Ver	168.620	2.072.655	8,14	324,25		101.077	1.053.335	9,60
Ouvir	52.072	697.780	7,46	100,13		-	-	-
Comunicarse	48.137	665.480	7,23	92,57		-	-	-
Aprender, aplicar coñecementos e desenvolver tarefas	15.899	180.264	8,82	30,57		979	16.502	5,93
Desplazarse	32.417	335.426	9,66	62,34		7.341	88.801	8,27
Utilizar brazos e mans	76.527	805.383	9,45	147,16		38.622	405.914	9,51
Desplazarse fóra do fogar	67.196	644.886	10,42	129,22		21.351	273.690	7,80
Coidar de si mesmo	119.863	1.352.195	8,86	230,49		42.676	548.873	7,78
Realizalas tarefas do fogar	64.430	561.830	11,47	123,90		58.678	498.783	11,76
Relacionarse con outras persoas	96.603	984.882	9,81	185,77		84.937	821.683	10,34
	34.627	338.521	10,23	66,59		2.690	27.202	9,89

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de Encuesta sobre deficiencias, discapacidades y estado de salud 1999

CADRO 4.4.11.

Persoas con discapacidade por grandes grupos de idade e grupos de deficiencia 1999

	Personas con discapacidade	Tasa por 1000 habitantes do seu grupo de idade
Poboación de 6 a 64 anos		
Total	103.570	50,49
Deficiencias mentais	27.228	13,27
Deficiencias visuais	20.615	10,05
Deficiencias del oído	19.676	9,59
Deficiencias da linguaxe, fala e voz	1.112	0,54
Deficiencias osteoarticulares	34.007	16,58
Deficiencias do sistema nervioso	11.446	5,58
Deficiencias viscerais	7.476	3,64
Outras deficiencias	353	0,17
Non consta	449	0,22
Poboación de 65 e máis anos		
Total	168.620	324,25
Deficiencias mentais	26.627	51,20
Deficiencias visuais	45.719	87,92
Deficiencias del oído	41.593	79,98
Deficiencias da linguaxe, fala e voz	3.658	7,03
Deficiencias osteoarticulares	66.170	127,24
Deficiencias do sistema nervioso	22.407	43,09
Deficiencias viscerais	18.623	35,81
Outras deficiencias	35.002	67,31
Non consta	284	0,55

Fonte: Encuesta sobre deficiencias, discapacidades y estado de salud, 1999

Tomando como indicador a taxa por 1.000 habitantes do seu grupo de idade, o **cadro 4.4.9.** reflicte que Galicia é a cuarta comunidade con maior índice no caso da poboación entre 6 e 64 anos, cun valor de 50,49, por detrás de Andalucía (56,32), Murcia (55,91) e de Ceuta e Melilla (58,72). No caso da poboación maior de 65 anos, o índice acada un valor de 324,25, sendo a 8 comunidade coa taxa máis alta por detrás de Murcia (404,90), Andalucía (394,38), Castela e León (372,70), Estremadura (357,30), Castela-A Mancha (339,62), Cataluña (328,58) e Ceuta e Melilla (360,99).

A discapacidade máis frecuente en Galicia é a dificultade para desprazarse fóra do fogar. Esta limitación afecta o 56,8% das persoas con idades comprendidas entre 6 e 64 anos (58.851 persoas) e ó 71,1% dos maiores de 65 anos. Séguelle en ámbolos dous grupos de idade, a discapacidade para realizar tarefas do fogar, que afecta a 137.730 persoas (96.603 persoas maiores de 65 anos).

Do total das persoas con algún tipo de discapacidade, un 51,9%, é dicir, 141.259 persoas, recibe a axuda doutra persoa. Destas, 101.177 persoas son maiores de 65 anos e 40.182 teñen entre 6 e 64 anos.

As discapacidades teñen a súa orixe nalgunha deficiencia, é dicir, nalgunha afección importante dalgún órgano ou da función dese órgano. As deficiencias máis frecuentes son as articulacións e/ou osos, que afectan ó 39,2% das persoas de máis de 65 anos (66.170 persoas) e ó 32,8% das persoas con idades comprendidas entre 6 e 64 anos (34.007 persoas), sendo as súas taxas por 1.000 habitantes do seu grupo de idade de 127,2 e 16,6, respectivamente (**cadro 4.4.11.**).

O Servicio Galego de Saúde

Analizados xa os aspectos orzamentarios e os programas de gastos do Sergas nos capítulos 4.1.- Cobertura e financiamento, e 4.2.- Prestacións sanitarias e sociais, neste apartado farase referencia ós datos do número de camas instaladas e funcionantes nos distintos hospitais do Sergas e nos hospitais concertados, así como á actividade cirúrxica.

Os **cadros 4.4.12.** e **C.4.12.** (*Camas instaladas e funcionantes nos hospitais do Sergas 1999-00*) amosan que os hospitais do Sergas, propios ou concertados, contaban no ano 2000 cun total de 9.324 camas instaladas, mentres que o número de camas funcionantes acadou as

CADRO 4.4.12.

Camas instaladas e funcionantes nos hospitais concertados do Sergas a 31-12-2000

	Camas instaladas	Camas funcionantes
Hospital Cengas 1, S.A.		
Centro Oncolóxico de Galicia	100	100
Instituto Médico-Cirúrxico San Rafael	141	141
Hospital Xeral Juan Cardona	260	199
Sanatorio Cirúrxico Modelo S.A.	100	100
Instituto Policlínico A Rosaleda S.A.	86	67
Sanatorio N. Sra. da Esperanza	40	40
Sanatorio Souto Boo	5	-
Policlínico Lucense S.A.	99	99
Sanatorio N. Sra. dos Ollos Grandes	45	45
Centro Médico El Carmen S.A.	49	49
COSAGA	74	74
Sanatorio Miguel Domínguez	104	104
Sanatorio Santa María S.L.	69	69
Centro Médico Gallego S.A. (Clínica Fatima)	200	184
Centro Médico El Castro Vigo S.A.	57	57
Clínica Cirúrxica N. Sra. do Pilar S.L.	40	40
Hospital da Cruz Vermella	70	70
Policlínico Vigo S.A.	474	330
Instituto Policlínico Santa Teresa S.A.	133	133
Sanatorio Marescot S.L.	55	45
Total	2.201	1.946

Fonte: Sergas

8.636 camas. Os 20 hospitais concertados do Sergas (no ano 1999 o número de hospitais concertados ascendía a 24) acolleron no 2000 un total de 2.201 camas instaladas (o 23,6% do total), das que 1.946 eran camas funcionantes (o 22,5% das camas funcionantes galegas).

Respecto á actividade cirúrxica nos hospitais do Sergas, **cadro C.4.13.** (*Actividade cirúrxica nos hospitais do Sergas 1999-00*), no ano 2000, a diferenza do acontecido no ano 1999, aumenta o número de intervencións realizadas, acadando as 143.186 intervencións (11.020 máis que no ano precedente). Deste total, 111.029 intervencións son intervencións programadas (o 77,5%), mentres que as 32.157 intervencións restantes son intervencións urxentes (22,5%).

Atendendo á desagregación provincial, A Coruña é a que presenta o maior número de intervencións, con 58.645, o 41% do total de Galicia, sendo a provincia de Pontevedra a que presenta o maior aumento respecto ó ano anterior, cun aumento do 16,3%.

A lista de espera presentou, ó igual que en 1999, un aumento da demora media que pasa dos 66,4 días de 1999 ós 67,0 días do ano 2000. Pola contra, prodúcese un descenso do número

de pacientes na lista de espera, que acadan as 16.922 persoas (17.211 en 1999).

Transplantes e doazóns

Respecto ós transplantes en Galicia nos anos 1999 e 2000, o **cadro 4.4.13.** amosa o aumento dos mesmos que pasa dos 876 transplantes de 1999 ós 1.001 do ano 2000. Entre os transplantes de órganos, 324 no ano 2000 (un 18,7% máis que no ano precedente), predominan os transplantes de ril (134) e fígado (121), realizándose seis de páncreas e 17 de pulmón. Entre os transplantes de tecidos, os máis importantes corresponden ós de óseo, que aumentan un 32,1% respecto ó ano anterior acadando os 366 transplantes.

En canto ás doazóns, no ano 2000 o número de doantes ascendeu a 95, 6 máis que no ano anterior, polo que o número de doazóns por cada millón de habitantes ascendeu a 34,9 (32,7 no ano 1999).

Prestacións farmacéuticas

O custo da prestación farmacéutica no ano 2000 ascendeu a 99.660,3 miles de millóns de pesetas, un 9,1% superior ó rexistrado no ano 1999. Deste custo, a meirande parte corresponde

CADRO 4.4.13.

Doacións e transplantes de órganos e tecidos en Galicia 1999-00

	1999	2000	00/99
			%
Doantes de órganos	89	95	6,7
Transplantes de órganos	273	324	18,7
Transplante renal	123	134	8,9
Transplante hepático	102	121	18,6
Transplante cardíaco	40	46	15,0
Transplante pulmonar	7	17	142,9
Transplante pancreático	1	6	500,0
Transplantes de tecidos	603	677	12,3
Trans. progenitos hematopoyético	126	104	-17,5
Transplante córneas	153	139	-9,2
Transplante oso	277	386	32,1
Transplante vasos sanguíneos	43	51	18,6
Transplante válvulas cardíacas	4	17	325,0

Fonte: Sergas, Oficina de coordinación de Transplantes

CADRO 4.4.14.

Custo da prestación farmacéutica 1999-00

	1999	2000	00/99
	<i>(en millóns de pesetas)</i>		<i>(%)</i>
Galicia			
Atención primaria (1)	77.574,8	83.348,8	7,4
Atención especializada	13.761,5	16.311,5	18,5
Total	91.336,3	99.660,3	9,1

(1) Inclúe o desconto aplicado segundo o RD 5/2000 do 23 de xuño
Fonte: Sergas

CADRO 4.4.15.

Custo da prestación farmacéutica en atención primaria 1999-00

	Gasto			Receitas			Gasto/receitas		
	1999	2000	00/99	1999	2000	00/99	1999	2000	00/99
	<i>(en millóns de pesetas)</i>						<i>(en pesetas)</i>		
			%			%			%
A Coruña	29.851	32.343	8,3	15.202.471	11.267.718	-25,9	1.964	2.870	46,2
Lugo	12.843	13.929	8,5	6.236.338	4.988.881	-20,0	2.059	2.792	35,6
Ourense	11.833	12.893	9,0	5.880.568	4.816.692	-18,1	2.012	2.677	33,0
Pontevedra	23.047	25.085	8,8	11.692.181,0	8.371.448	-28,4	1.971	2.996	52,0
Total	77.575	84.250	8,6	39.011.558,0	29.444.739	-24,5	1.989	2.861	43,9

Fonte: Sergas

CADRO 4.4.16.

Custo da prestación farmacéutica en atención especializada 1999-00

	1999	2000	00/99
	<i>(en millóns de pesetas)</i>		<i>(%)</i>
Galicia			
Pacientes hospitalizados	7.394	7.989	8,0
Pacientes non hospitalizados	6.368	8.323	30,7
Total	13.762	16.312	18,5

Fonte: Sergas

á atención primaria, que ascende a 83.348,8 millóns de pesetas, e os 16.311,5 millóns restantes, á atención especializada.

O custo da prestación farmacéutica no caso da atención primaria en Galicia ascendeu no ano 2000 a 84.250 millóns de pesetas, un 8,6% respecto ó ano anterior. O custo medio por cidadán da prestación foi de 32.635 pesetas no ano 2000 fronte ás 30.668 pesetas do ano anterior, sendo o gasto farmacéutico medio por pensionista de 83.490 pesetas (**Cadro C.4.14. Prestación farmacéutica en atención primaria 1999-00**).

O número de receitas dispensadas ascendeu no ano 2000 a 40.912 miles de receitas, das que as persoas pensionistas facturaron un total de 29.444 miles de receitas. No ano 2000 medrou o custo medio por receita en Galicia, pasando das 1.989 pesetas de 1999 ás 2.059 do ano 2000.

Atendendo á desagregación do custo por provincias, o **cadro 4.4.15** reflicte que é a provincia de A Coruña a que presenta un maior gasto en receitas médicas, con 32.343 millóns de pesetas, seguida de Pontevedra, con 25.085 millóns. Non obstante, é a provincia de Pontevedra a que presenta un maior gasto por receita, con 2.996 pesetas, sendo en A Coruña de 2.870 pesetas.

Respecto ó custo da prestación farmacéutica en atención especializada, dos 16.312 millóns totais, o 51% (8.323 millóns) corresponde a pacientes non hospitalizados, e o 49% restante, 7.989 millóns de pesetas, corresponden a pacientes hospitalizados. Comparado co ano anterior, o **cadro 4.4.16** amosa que o custo da prestación farmacéutica en pacientes non hospitalizados medrou un 30,7%, en tanto que no caso dos pacientes hospitalizados, o seu crecemento foi do 8,0%.

Prestacións sociais

No que á atención á infancia a través da rede galega de escolas infantís se refire, dentro dos recursos propios da administración, houbo

un total de 22 centros dedicados á infancia de titularidade da Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude. Estes 22 centros acollen a un total de 1.957 nenos, dos que 1.449 corresponden a nenos de idades comprendidas entre 0-3 anos, e 508 a nenos de idades entre 3-6 anos.

Atendendo á desagregación provincial, o **cadro 4.4.17** amosa que os 8 centros da provincia de A Coruña acollen a 616 nenos, e os 7 centros de Pontevedra a 675. É dicir, estes 15 centros acollen ó 66% dos nenos atendidos nos centros infantís galegos.

A Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude, coa colaboración da Administración Central, levou a cabo unha política incentivadora ante os concellos para a creación e xestión de diversos tipos de recursos infantís. O **cadro 4.4.18** recolle os centros e servicios subvencionados dependentes de corporacións locais. No ano 2000 as subvencións para o mantemento e o investimento nestes centros ascendeu a 189,5 e 112 millóns de pesetas, respectivamente.

Funciona tamén unha serie de centros dependentes de entidades de iniciativa social ós que a Consellería concedeu no ano 2000 subvencións por un valor de 273,2 millóns de pesetas. O número de garderías subvencionadas foi de 81 e o número de prazas subvencionadas ascendeu a 960, tal e como reflicte o **cadro 4.4.19**.

Respecto á atención a menores en situación de desprotección, a Consellería de Familia conta cun total de 13 institucións de titularidade propia, ós que hai que engadir, por mor dos convenios de colaboración subscritos con 42 entidades de iniciativa social, un total de 71 centros. O número de prazas existentes ascende a 1.727, da que 396 prazas corresponden ós centros dependentes da consellería.

A medida prioritaria a desenvolver polo sistema público de protección á infancia é o apoio á familia. O número de menores e familias

CADRO 4.4.17.

Nenos atendidos nos centros infantís dependentes da Consellería de Familia 1999-00

	1999			2000		
	0 a 3 anos	3 a 6 anos	Total	0 a 3 anos	3 a 6 anos	Total
A Coruña	424	184	608	512	104	616
Lugo	265	66	331	270	86	356
Ourense	209	99	308	201	109	310
Pontevedra	456	221	677	466	209	675
Total	1.354	570	1.924	1.449	508	1.957

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude

CADRO 4.4.18.

Centros e servizos infantís subvencionados pola Consellería de Familia 1999-00: centros dependentes de Corporacións Locais

	1999				2000			
	Mantemento		Investimento		Mantemento		Investimento	
	Contía	Centros	Contía	Centros	Contía	Centros	Contía	Centros
	<i>(en miles de pesetas)</i>		<i>(en miles pesetas)</i>		<i>(en miles de pesetas)</i>		<i>(en miles pesetas)</i>	
Centros infantís municipais	137.194,0	29	112.000,0	12	158.559,0	31	112.000,0	12
Atención á infancia no medio rural	30.897,0	15	-	-	30.897,0	15	-	-
Total	168.091,0	44	112.000,0	12	189.456,0	46	112.000,0	12

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude

CADRO 4.4.19.

Centros infantís subvencionados pola Consellería de Familia 1999-00: centros dependentes de institucións de iniciativa social

	1999				Prazas subvencionadas
	Garderías subvencionadas		Contía das subvencións		
	Mantemento	Investimento	Mantemento	Investimento	
			<i>(en pesetas)</i>		
A Coruña	28	17	43.183.815	16.575.652	177
Lugo	1	1	5.214.000	1.521.888	27
Ourense	2	2	5.665.000	1.200.819	40
Pontevedra	29	15	151.361.184	14.701.641	617
Total	60	35	205.423.999	34.000.000	861

	2000				Prazas subvencionadas
	Garderías subvencionadas		Contía das subvencións		
	Mantemento	Investimento	Mantemento	Investimento	
			<i>(en pesetas)</i>		
A Coruña	25	12	46.534.583	18.989.894	243
Lugo	1	1	6.237.000	385.287	27
Ourense	2	2	6.362.400	188.628	28
Pontevedra	21	17	178.833.234	15.656.191	662
Total	49	32	237.967.217	35.220.000	960

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude

CADRO 4.4.20.

Atención a menores en situación de desprotección social: nº de centros e praza 2000

	Dependentes da Consellería		Centros colaboradores	
	Centros	Prazas	Centros	Prazas
A Coruña	4	128	23	484
Lugo	2	72	11	168
Ourense	3	92	10	130
Pontevedra	4	104	27	549
Total	13	396	71	1.331

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude

CADRO 4.4.21.

Tipos de acollementos en Galicia 2000

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Acollementos sen remunerar					
Nº de acollementos	90	7	9	62	168
Nº de menores acollidos	125	8	15	74	222
Acollementos remunerados					
Nº de acollementos remun.	191	55	68	323	637
Nº de menores acollidos	260	83	81	454	878
Acollementos especiais					
Nº de acollementos remun.	8	8	6	10	32
Portadores de VIH	1	-	-	-	1
Minusvalía física e psíquica	3	1	2	9	15
Minusvalía física	3	-	-	-	3
Minusvalía psíquica	-	4	4	-	8
Nai menor de idade	1	-	-	-	1
Grupo de irmáns	-	-	-	1	1
Outras	-	3	-	-	3
Nº de menores acollidos	8	9	9	18	44
Acollementos de fillos de reclusos					
Nº de acollementos remun.	4	2	-	3	9
Nº de menores acollidos	4	2	-	4	10

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do emprego, Muller e Xuventude

CADRO 4.4.22.

Datos de adopcións nacionais 2000

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Solicitudes abertas	75	28	23	98	224
Solicitudes arquivadas	60	32	15	91	198
Solicitudes idóneas. Lista de espera	356	136	84	368	944
Resolucións de acollemento preadoptivo	51	17	7	29	104
Propostas de adopción realizadas	34	14	4	5	57
Autos de adopción producidos	24	16	2	28	70
Menores en acollemento preadoptivo	42	8	4	23	77
Menores en trámites de adopción	58	9	19	44	130

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do emprego, Muller e Xuventude

beneficiadas en Galicia no ano 2000 ascendeu a 3.917 e 1.780, respectivamente. A contía total dedicada a esta medida foi de 321,7 millóns de pesetas.

O **cadro 4.4.21.** amosa, a modo de resumo, os principais datos do acollemento familiar en Galicia. No ano 2000 o número de acollementos ascendeu a 846 (637 son acollementos remunerados) e o número de menores acollidos foi de 1.154, dos que 878 menores acollidos o son mediante acollementos remunerados.

O **cadro 4.4.22.** recolle un resumo dos principais datos estatísticos de adopción nacional no ano 2000. Respecto ás solicitudes, o número de solicitudes de adopción nacional abertas ascendeu a 224, sendo o de solicitudes

arquivadas de 198, ou o número de “solicitudes idóneas. Lista de espera” de 944 solicitudes. O número de autos de adopcións producidos no ano 2000 ascendeu a 70, dos que 28 foron na provincia de Pontevedra e 24 en A Coruña.

No caso dos expedientes de adopcións internacionais, o número de expedientes tramitados ascendeu a 154, dos que 20 foron tramitados pola Dirección Xeral de Familia vía o Ministerio de Asuntos Sociais, e 99 vía entidades colaboradoras de adopción internacional (ECAI). Por provincias, dos 154 expedientes tramitados, 66 corresponden a A Coruña e 54 a Pontevedra.

Os principais países no caso da tramitación de expedientes de adopción internacional no ano

CADRO 4.4.23.

Expedientes tramitados de adopcións internacionais 2000

	Exped. Tramitados pola D. X. De Familia vía Ministerio Asuntos Sociais				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Ucráina	2	1	-	1	4
Rusia	1	-	-	3	4
Venezuela	-	-	-	1	1
Panamá	2	-	-	-	2
O Salvador	-	-	-	2	2
Rep. Dominicana	-	-	-	2	2
México	-	1	-	1	2
Brasil	1	-	-	-	1
Costa Rica	1	-	-	-	1
China	-	-	-	1	1
Total	7	2	-	11	20

	Exped. Tramitados pola D. X. De Familia vía ECAI				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Perú	11	-	-	14	25
Ecuador	8	2	-	1	11
Rusia	1	1	-	-	2
Romanía	17	10	4	22	53
Bolivia	2	-	-	-	2
Colombia	3	1	1	1	6
Total	42	14	5	38	99

	Exped. Tramitados vía ECAI noutras comunidades autónomas				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
China	14	5	1	9	29
India	1	2	-	-	3
Bulgaria	1	-	-	-	1
Hungría	1	-	-	-	1
Brasil	-	-	-	1	1
Total	17	7	1	10	35

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do emprego, Muller e Xuventude

CADRO 4.4.24.

Menores de orixe estranxeira asignados ás familias no ano 2000

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
China	-	3	1	1	5
Romanía	7	3	2	7	19
Perú	4	-	2	3	9
Ecuador	3	2	2	1	8
Colombia	3	-	1	-	4
Rusia	8	1	-	1	10
México	-	-	-	1	1
Brasil	-	-	-	4	4
Total	25	9	8	18	60

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do emprego, Muller e Xuventude

2000 son Romanía, China e Perú, con 53, 30 e 25 expedientes, respectivamente.

O número de menores de orixe estranxeira asignados ás familias galegas no ano 2000 ascendeu a 60 (25 deles na provincia de A Coruña), dos que 19 provén de Romanía, 10 de Rusia e 9 de Perú. ■